EXERCICIOS E ACTIVIDADES DA SECCIÓN 5ª

1. O texto que segue, do filósofo español J. Mosterín, relaciona a felicidade coa racionalidade práctica. Despois de leo atentamente e de reflexionar sobre o seu contido responde ás cuestións que van a continuación:

> "Ao ser a racionalidade (moral) a estratexia que nos conduce a alcanzar os nosos fins últimos na maior medida posible, a racionalidade garántenos o máximo de felicidade consciente posible. Pero na medida en que o exame dos nosos fins trae á nosa conciencia metas dificilmente alcanzables, o axente racional nunca está satisfeito nin atopa acougo duradeiro. Pero sabe que fai canto pode por alcanzar as súas metas. E acepta o seu destino.
> Ninguén escapa ao destino. A racionalidade permítenos domar o destino na medida en que iso é posible, e coñecelo e aceptalo no que ten de inevitable. Isto dá lugar a un certo tipo de felicidade que é á vez loita e aceptación, goce e insatisfacción, tensión respecto ao posible e relaxación fronte ao inevitable. A este tipo de felicidade lúcida invítanos o soado verso de Píndaro: «-Non aspires, alma miña, á vida inmortal, pero esgota o campo do posible.» (J. Mosterín: *Racionalidade e acción humana)*.

a) En que consiste a racionalidade (moral) para o autor?.
b) O autor considera que a racionalidade práctica proporciona unha felicidade limitada e chea de insatisfaccións. Por que?
c) O autor fala dunha felicidade "consciente" e "lúcida". Que outra alternativa podería darse? Que valor tería?

2. Le con atención os dous textos que veñen a continuación e responde ás cuestións que se formulan despois:

> "Non hai máis que un problema filosófico verdadeiramente serio: o suicidio. Xulgar se a vida paga ou non a pena de ser vivida é responder a pregunta fundamental da Filosofía. As demais… veñen de seguido. Trátanse de xogos; pero primeiro hai que responder…" (A. Camus: *O mito de Sísifo*).

> "De onde veño e de onde vén o mundo en que vivo e do cal vivo? A onde vou e a onde vai todo o que me rodea? Que significa isto? Tales son as preguntas do ser humano, tan pronto como se libera da embrutecedora necesidade de ter que sustentarse materialmente. E se miramos ben, veremos que debaixo desas preguntas non hai tanto o desexo de coñecer un "por que" como o de coñecer o "para que": non a causa senón a finalidade".(M. de Unamuno: *Do sentimento tráxico da vida*).

a) Cal é pregunta radical da Filosofía na que coinciden os dous autores?
b) Por que denominamos tales cuestións metafísicas?

3. Os dous textos que veñen a continuación defenden perspectivas antitéticas sobre a Metafísica. Le con atención o primeiro deses textos e responde as cuestións formuladas:

> "A supervivencia da Metafísica é un dos feitos máis sorprendentes en toda a historia da Filosofía, pois dende a súa orixe viuse suxeita a moitos e fortes

ataque. En diversos momentos da súa historia pareceu que se lle dera o *coup de grace* (golpe de graza). Pero sempre se recuperou.(…) A Metafísica sempre reaccionou, malia todos os obstáculos que se lle opuxeron e non hai dúbida de que o seguirá a facer. Pero, cal é a razón?, por que sucede que a pesar de todos os ataques e vicisitudes que sufriu a través da súa historia non só renace senón que a miúdo con novo vigor? Unha resposta ben coñecida a esta pregunta é que a Metafísica é unha disposición natural do ser humano. Como di Kant nos *Prolegómenos*: "que o espírito humano abandone algunha vez as especulacións metafísicas ten tan pouca probabilidade coma que deixemos de respirar por completo, para non respirar aire impuro"

(J. E. García: *Concepcións da Metafísica)*

a) Explica cal é a razón pola que nace e sobrevive a Metafísica.
b) Por que non parece probable que desapareza no futuro?.

4. Le agora detidamente o segundo dos dous textos contrastándoo co anterior e responde as cuestións formuladas:

"O aspecto máis sobresaínte do Positivismo é a súa crítica da Metafísica. Para Comte a Metafísica é un estado intermedio que xorde do estado mental teolóxico e que precede ao estado positivo. Provén da necesidade de evitar o caos mental que se produce cando se solta a imaxinación libremente á hora de explicar a natureza. No estado metafísico o investigador procura obter unha imaxe máis consciente da realidade e adopta supostos que clasifican os feitos baixo conceptos abstractos e primeiros principios libre do antollo persoal, como as causas, a materia, a mente, as cousas-en-si, etc. Como método de investigación aseméllase á ciencia porque trata de descubrir verdades e de sistematizar coherentemente o coñecemento. Pero, falla porque, ao optar por conceptos que non se poden verificar na experiencia, non lle é posible liberarse totalmente da imaxinación, de aterse aos feitos e de eliminar o alleo á experiencia. Ademais, en vez de estimular o estudo dos feitos, distrae a mente con argumentos inútiles. Vestixio dun período histórico pasado os seus conceptos terán a mesma fin que os mitos de Apolo e Minerva". (O. Marti: *O Positivismo do século XIX*)

a) De onde procede a Metafísica, segundo Comte?
b) Cal é a semellanza e a diferenza entre a Metafísica e a ciencia?
c) Cal pensa Comte que é o destino futuro da Metafísica)

5. Despois de ler o texto de Popper que vai a e continuación sobre a estrutura da realidade contesta as cuestións:

"Para esta filosofía pluralista, o mundo consta polo menos de tres submundos ontolóxicamente distintos: o primeiro é o mundo físico, o dos estados físicos; o segundo é o mundo mental ou dos estado mentais; o terceiro é o dos intelixibles, o das ideas en sentido obxectivo, o mundo dos obxectos do pensamento posible: o mundo das teorías en si mesmas e as súas relacións lóxicas, dos argumentos e das situacións problemáticas tomadas en si mesmas… Unha das dificultades fundamentais desta filosofía pluralista refírese á relación entre estes tres "mundos". Están relacionados entre si de tal modo que tanto os dous primeiros como os dous últimos poden entrar en interacción. Polo tanto, o segundo mundo, o das experiencias subxectivas ou

persoais, mantén relacións cos outros dous. O primeiro e o terceiro so se relacionan por medio do segundo, do mundo das experiencias persoais ou subxectivas" (K. Popper: *Coñecemento obxectivo*)

a) Caracteriza os tres mundo ou planos da realidade dos que fala Popper.
b) Explica as relacións entre os tres planos.

Solucións

1. Respostas ao texto de J. Mosterín:
   a) A racionalidade (moral) é a estratexia que nos conduce a alcanzar os nosos fins últimos na maior medida posible, e polo tanto, a felicidade posible.
   b) Porque a racionalidade esixe aterse á realidade: supón a racionalidade teórica, que coñece á realidade e as súas posibilidades, para poder así articular os medios necesarios e acadar as metas realizables. Pero o exame dos nosos fins tamén trae á nosa conciencia metas dificilmente alcanzables (utopías); de aí a insatisfacción.
   c) Ás veces, tense proposto a ignorancia e a inconsciencia como alternativa á lucidez racional, que sempre trae certa insatisfacción. Pero iso significa abdicar da condición racional que nos fai humanos (a felicidade dun deficiente non parece ser o modelo desexable).

2. Respostas ás cuestións sobre os textos de Camus e Unamuno:
   a) A pregunta radical da Filosofía é o sentido da vida ("se paga a pena", "a finalidade").
   b) Son cuestións metafísica porque non poden ter unha resposta contrastable na experiencia. Traspasan a liña de demarcación da ciencia.

3. Respostas ás cuestións do texto de J. E. García:
   a) A Metafísica ten a súa raíz nos interrogantes máis profundos e inquietantes que nos facemos os seres humanos, como son as preguntas polo sentido da vida e a preocupación pola morte, de cuxa resposta depende a orientación que lle demos á propia vida e os valores que tomemos como referencia para a mesma.
   b) Non parece probable que a Metafísica desapareza no futuro pois as inquietudes das que nace son consubstanciais aos seres humanos e, polo tanto, inevitables. Pero, ademais, tales preguntas non poden ter unha resposta científica definitiva e concluínte, pois traspasan a liña de demarcación da ciencia: escápanse a toda contrastación empírica, pois van máis alá da experiencia posible.

4. Respostas ao texto de O. Marti:
   a) A Metafísica nace da necesidade de superar o "estado teolóxico" (mítico) e de evitar, así, o "caos mental que se produce cando" se trata de explicar a natureza coa imaxinación.

b) A Metafísica aseméllase á ciencia porque trata de descubrir verdades e de sistematizar coherentemente o coñecemento. Pero, falla porque, ao optar por conceptos que non se poden verificar na experiencia, non lle é posible liberarse totalmente da imaxinación, de aterse aos feitos e de eliminar o alleo á experiencia.

c) O seu destino é o mesmo que tiveron os mitos antigos: a súa desaparición, superada pola ciencia, segundo Comte.

5. Respostas ás cuestións do texto de Popper:

a) O primeiro mundo de Popper coincide co obxecto de estudo das ciencias da natureza. É o plano da realidade fáctica observable. Aínda que Popper non o fai, poderían distinguirse varios niveis dentro del: o plano físico-químico, o plano biolóxico, e o plano social, nunha orde de progresiva complexidade.

O segundo mundo de Popper coincide co plano psicolóxico dos actos e estados mentais do suxeito, das súas vivencias e experiencias persoais.

Finalmente, o 3º mundo de Popper, o das ideas obxectivas, o das teorías científicas, etc., correspóndese co plano do pensamento lóxico: son os contidos do pensamento obxectivables intersubxectivamente.

c) No texto de Popper só se sinala unha relación transitiva en dirección ascendente entre os tres planos. Isto é, o primeiro mundo relaciónase co segundo, co psicolóxico (pódese dicir que o segundo emerxe do 1º). E o 3º relaciónase co 2º (é resultado da súa actividade). Non hai relación directa entre o 1º e o 3º, senón a través do 2º que serve de intermediario.

Realmente, o mundo 1 de Popper só é e vivenciado polo suxeito no plano 2, que á súa vez xera o plano 3, que é a representación obxetivable do 1.